


# Timber

Coldcut & Hexstatic (1997)



Título	<i>Timber</i>
Álbum	<i>Let us play</i>
Autor/a	Coldcut
Intérprete	Coldcut & Hexstatic
Estilo	Música electrónica: etno-trance
Ano	1997
Comentario	<p>Froito da colaboración de Coldcut, grupo inglés de música electrónica, e Hexstatic, dúo tamén británico especializado na producción audiovisual, xorde <i>Timber</i>. Ninguén pode dicir se <i>Timber</i> é un videoclip ou unha canción, o que está claro, é que co tempo, consolidouse como un proxecto audiovisual materializado na trilogía audiovisual <i>Natural Rythms</i>, ligada á colaboración con Greenpeace na defensa da natureza.</p> <p>O insistente son do telégrafo tecleando un S.O.S., o zumbido constante das motoserras... a toda esta increíble combinación de ruídos, impone o canto triste dunha muller nativa. Un bosque de fermosas árbores, convertidas en madeira para ser comercializada nun mercado cada vez menos sensible co mundo natural. A mensaxe antideforestación é evidente, mesmo antes de que a maquinaria industrial faga a súa aparición no videoclip.</p>

[http://www.youtube.com/watch?feature=player\\_embedded&v=ri21\\_qHqdjU#!](http://www.youtube.com/watch?feature=player_embedded&v=ri21_qHqdjU#!)